

Grupo B outubro 24- xaneiro 25

BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA



MONOGRÁFICO A historia dentro da Historia

A literatura anticipase reveladora para comprender o mundo que habitamos, aproxímanos ao entendemento da Historia pasada, presente e futura. Para elo sérvese de historias máis pequenas, cotiás: a ficción achegándonos a pasaxes históricas.

LIBRO 1: NO TE VERÉ MORIR, de Antonio Muñoz Molina. 23/10/2024

Durante a súa mocidade, Gabriel Aristu e Adriana Zuber protagonizaron unha apaixonada historia de amor que parecía destinada a durar para sempre. O futuro, con todo, tiña outros plans para eles. Separados durante cincuenta anos por un océano de incomunicación, ela atrapada na España da dictadura, el vivindo o éxito profesional en Estados Unidos, volven a atoparse no solpor dos seus días.

LIBRO 2: AZUCRE, de Bibiana Candía. 06/11/24

Galiza, mediados do século XIX. O país está asolado pola fame e a enfermidade. A única saída para os mozos como Orestes Veiga pasa por buscar un futuro mellor en Cuba. Inxenuos pero cargados de ilusión, acabarán traballando nos campos de azucre de Urbano Feijóo de Sotomayor. Pero este empresario non espera traballadores, senón escravos. E é que o seu obxectivo é substituír os escravos africanos por compatriotas novos. Será entón cando descubran que «o azucre faise con sangue».

LIBRO 3: LA ISLA DE LAS MUJERES DEL MAR, de Lisa See. 20/11/24

Unha bela e introspectiva novela sobre os lazos de amizade de dúas mozas “hanenyeo” -mulleres mergulladoras da illa surcoreana de Jeju, forma de vida foi recoñecida pola Unesco como patrimonio da humanidade- e as poderosas forzas, tanto naturais como históricas, que as rodean.

LIBRO 4: AS ALUMNAS, de Paula Carballeira. 04/12/2024

Elvira Fontao e Rosa Lires, antigas alumnas de María Barbeito, volven atoparse na data da morte da mestra, no ano 1970. Xa son mulleres. Atrás queda a infancia, o mundo que lles abriu a mestra antes de que o Comité de Depuración a afastase do seu traballo na escola. Así, a memoria, as lembranzas que se van desenvolvendo neste xogo de persoas adultas que é o teatro, fannos descubrir como as decisións que se tomaron, o medo e a rebeldía, marcan o seu destino.

LIBRO 5: SOSTIENE PEREIRA, de Antonio Tabucchi. 18/12/24

Lisboa, 1938. A opresiva ditadura de Salazar, o furor da guerra civil española chamando á porta, ao fondo o fascismo italiano. Nesta Europa percorrida polo virulento fantasma dos totalitarismos, Pereira, un xornalista dedicado durante toda a súa vida á sección de sucesos, recibe a encarga de dirixir a páxina cultural dun mediocre xornal, o Lisboa.

LIBRO 6: COMO MATÉ A MI PADRE, de Sara Jaramillo. 15/01/24

Mataron o seu pai e Sara cóntanos esta violencia que aínda non foi narrada na literatura colombiana. Non a guerra civil, nin as guerras de independencia, nin as guerrillas, senón a historia de violencia nos oitenta e noventa.

**BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO
DE OLEIROS/TERTULIAS LITERARIAS DE
OUTUBRO 24 - XANEIRO 25**

**/ BIBLIOTECA CENTRAL
RIALEDA**

GRUPO B